

# Construción de edificios

Datos correspondentes a xullo de 2025

Resumo de resultados 31/10/2025

## Principais resultados

- En xullo concedéronse licenzas para construír 204 edificacións de nova planta (residenciais e non residenciais).
- O número de licenzas concedidas para rehabilitación de edificios foi de 183 e para demolición 19.
- A variación neta do parque de vivendas no mes de xullo foi de 437.

## 1. Licenzas para edificios

No mes de xullo de 2025, o número de licenzas para edificios a construír de nova planta aumentou en 38 unidades en relación ao mesmo mes do ano anterior. Concedéronse 204 licenzas para edificacións de nova planta: 132 residenciais e 72 non residenciais.

Sobre edificacións xa existentes, en xullo de 2025 concedéronse licenzas para 183 obras de rehabilitación e 19 para obras de demolición de edificios, o que supón, en relación a xullo de 2024, un aumento de 23 unidades e unha diminución de 21 unidades, respectivamente.

## 2. Vivendas

As licenzas concedidas en xullo de 2025 permitirán crear 337 vivendas en nova planta, o que supón unha diminución de 8 unidades en relación ao rexistrado hai un ano.

O número de vivendas que se permitirían crear en rehabilitación sería de 107 e as vivendas a demoler serían 7.

A variación neta do parque de vivendas<sup>1</sup> este mes sería, por tanto, positiva, 437 novas vivendas coas licenzas concedidas.


---

<sup>1</sup>variación neta do parque de vivendas calcúlase como a suma do número de vivendas a crear en nova planta e o de vivendas a crear en rehabilitación, menos o número de demolicións.

**Número de edificios e vivendas a construír, rehabilitar e demoler. Galicia**

	Edificios			Vivendas		
	De nova planta	A rehabilitar	A demoler	De nova planta	A rehabilitar	A demoler
2024/Xullo	166	160	40	345	74	21
2024/Agosto	132	135	21	315	59	9
2024/Setembro	167	150	17	421	79	10
2024/Outubro	206	209	12	314	106	16
2024/Novembro	171	147	16	196	74	30
2024/Decembro	178	151	23	352	64	20
2025/Xaneiro	129	134	18	219	130	21
2025/Febreiro	186	157	16	418	67	7
2025/Marzo	161	154	17	261	79	17
2025/Abril	205	187	25	622	91	26
2025/Maio	185	159	18	275	78	11
2025/Xuño	225	167	28	420	98	25
2025/Xullo	204	183	19	337	107	7

Fonte: IGE. Construción de Edificios ([descarga da táboa](#))

**Gráfico coa evolución da variación neta do parque de vivendas**


Fonte: IGE.Construción de Edificios ([descarga da táboa](#))

### 3. Notas metodológicas

A operación estatística **Construcción de edificios** ofrece información sobre as licenzas de obra maior que conceden os concellos de Galicia. O colectivo de informantes constitúeo o conxunto dos promotores inmobiliarios e/ou técnicos colexiados que asinan os proxectos de edificación.

A estatística ofrece información sobre o número de edificacións de **nova planta** a construír (con distinción de se se trata de edificios residencias ou non residencias), **a rehabilitar** e **a demoler**. Tamén informa sobre as vivendas de nova planta ás que darán lugar as novas edificacións, o número de vivendas creadas en rehabilitación e a demoler, así como da variación neta do parque de vivendas.

### 4. Metodoloxía, definicións, fontes e máis información

#### Metodoloxía

- Metodoloxía

#### Definicións

- Definicións

#### Descarga de datos

- Número de edificios e superficie a construír. Galicia. Datos mensuais

#### Fontes de información

IGE. Construcción de Edificios.